

RECOMENDACIONES DE LECTURA DA

BIBLIOTECA XOÁN FARÍAS





INFANTIL

"Animalium"

Katie Scott e Jenny Broom
Impedimenta

"Parte álbum, parte enciclopedia, este «museo» do reino animal distinguese do resto dos libros ilustrados pola súa presentación. Os debuxos parecen láminas antigas, como grabados pintados a pluma, como litografías de velloos libros. Impresionante."

Kirkus Reviews



"O raposo Rufo en A maxia da horta"
Dani Viéitez
Edicións Embora

Este libro trata de achegar aos máis pequenos ao mundo da horta e á orixe dos alimentos que ven na casa a diario.
Despois da horta na escola, que menos!



"Unha mosca agradecida"
Libro CD
MEL
Ed. Urco

A nova proposta de Miguel Ángel Alonso Díz e Luz Beloso, un equipo chamado a escribir e debuxar fermosas páxinas na cultura galega. Libros con alma, moi comprometidos socialmente, como xa amosaron anteriormente.



PRIMEROS LECTORES E PRIMERAS LECTORAS



"O coñecíño Martiño"
Iago López
Ed. Xerais

Iago López estivo na nosa Biblioteca contando este conto, recordades como o pasamos coa súa historia?
Matiño quere preparar o mellor biscoito da súa vida para o palacio real...

"La verdad según Arturo"
Tim Hopgood
Ed. Combel

Arturo e a Verdade acaban de coñecerse e agora mesmo non son moi amigos... E é que hoxe Arturo fixo algo mal e sabe que a súa nai vaille pedir explicacións...





"Inventario de insectos"
Virginie Aladjidi
Kalandraka

A súa complexidade morfolóxica, a súa utilidade no ciclo da natureza, a súa notable abundancia de especies...
Todo o que necesitamos saber sobre os insectos, nun fermoso libro, evocador dos antigos cadernos de campo.



"En familia"
Alexandra Maxeiner
Hércules Edicións


Ben pelexa ás veces coa súa irmá Lisa. Mía non ten irmáns, pero ten todo por duplicado. Jakob ten un tres cuartos de pai a quen quere moito. Pero todos teñen unha cousa en común: cada un pertence a unha familia única.



LEITORES E LECTORAS AUTÓNOMOS

"Vida sana"
María Corbacho
Hércules Ediciones

En ¡Vida Sana! atoparedes un libro de nutrición básica e de receitas saudables, pero tamén un manual de amor propio para nenos e nenas, para que aprendan a vivir san desde hoxe e para sempre.




¡ALNO O CAMPAGNA CHE
PINTO & CHINTO



"Cámbiache o conto"
Pinto&Chinto
Ed. Xerais

Unha peculiar versión dos contos clásicos de autores como Andersen, Perrault ou os irmáns Grimm, e danlle unha reviravolta á súa maneira a O frountista de Hamelín, a Carrapuchiña Vermella, a Cincenta e moitos outros, poñéndonos un sorriso nos beizos.




"Pablo Pineda", López Lomong" e "Rafa Nadal"
Fundación Lo Que De Verdad Importa

Tres álbumes ilustrados con tres historias diferentes cheas de valores coma o esforzo, o traballo en equipo, a superación e o optimismo.



LEITORAS E LECTORES

EXPERTOS



"Todo o tempo do mundo"
David Pérez Iglesias.
Ed. Xerais.

Un relato moi fermoso que describe de que estamos feitos, como se conforma a propia vida e onde, con quen, ou como ordenamos prioridades.

Premio Merlin de Literatura Infantil, 2016

"O bosque pálido"
Jaureguizar
Oqueleo. Ed. Santillana

O Bosque Pálido amosa que a forza do amor pode superar o rexeitamento ao diferente e mesmo a morte. Un libro con valores como a convivencia, o multiculturalismo e a valentía.



"Esméraldina, a pequena defunta"
Ledicia Costas.
Ed. Xerais.

O Libro de Receitas da Tremenda acompaña esta historia de medo e humor macabro, converténdoa no petisco perfecto para degustar antes ou despois de ler Escarlatina, a cocíñeira defunta.



LER ALIMENTA A TÚA ALMA

ESTÁS ACABADO, LIBRO!
ES TECNOLOGÍA DO PASADO


XÁ NINGUÉN TE NECESITA;
CONNIGO BÁSTALLES!



PODO DESTRUIRTE SÓ
CON ESTE SIMPLE CHISQUEIRO...



Ina Soler Aulestas



Se non les,
non pasa nada,
pero se les,
pasan moitas cousas!

FELICES LECTURAS

NO VERÁNI

Biblioteca Escolar Xoán Ferreiro

